

(Federación de Industrias Afines) de la Unión General de Trabajadores e María Elisa Rodríguez Prieto, en nome e representación de *Asociación Galega Para a Promoción da Igualdade de Oportunidades* (Aga-pio). Esta escritura foi emendada por outras de datas vinte e sete de setembro de dous mil cinco á que corresponde o número de protocolo tres mil catrocentos cincuenta, vinte de decembro de dous mil cinco á que corresponde o número de protocolo catro mil catrocentos nove, e de trece de febreiro de dous mil seis á que corresponde o número de protocolo catrocentos cincuenta e seis, todas elas outorgadas ante o mesmo notario.

3. Segundo consta no artigo catro dos estatutos a fundación ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xenerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial a que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta fundación o apoio ao sector téxtil mediante a impartición de cursos de formación a traballadores activos e desempregados, así como fomentar o estudo e a investigación en materia de formación profesional dos traballadores de Galicia.

4. O padroado da fundación estará integrado por Juan Fernández García como presidente, Paula Cristina Alves da Silva como vicepresidenta, Buenaventura Escolá Cotonat como secretario, Carlos Oliva Castelló como tesoureiro e por Enrique Lorenzo Rial, María José Manero García e Cristina Chao Miño como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social da *Fundación Difogal* dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese social e a súa adscrición á Consellería de Traballo.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día vinte e sete de febreiro de dous mil seis.

Vista a Consuitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeneral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar de interese social a *Fundación Difogal* adscribíndoa á Consellería de Traballo que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 13 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En España durante as últimas décadas producíronse importantes cambios na sociedade rural, caracterizados en moitos casos por unha redución paulatina da oferta comercial así como a perda da competitividade que se vén a dar no comercio retalista situado nas zonas rurais de Galicia. Esta redución da oferta comercial foi unida en ocasións á diminución da poboación en determinadas zonas e a un envellecemento progresivo dela. Esta circunstancia provoca que a rendibilidade económica de determinadas actividades comerciais en ocasións se vise limitada. De igual maneira, a redución da oferta comercial pode chegar a provocar dificultades de abastecemento da poboación residente. Estas circunstancias fan que o mantemento de niveis axeitados de actividade comercial nestes ambientes rurais se considere prioritario.

Por isto, o Plan de renovación e mellora do comercio galego recolle un programa específico, no que se definen como obxectivos básicos a integración das poboacións rurais, ao facilitar que a poboación que reside nelas se beneficie do mantemento de niveis axeitados de actividade comercial no ámbito

territorial facilitando que poida acceder o máximo abano de servizos que poidan proverse localmente, así como contribuír á súa renovación e modernización co obxectivo de mellorar a calidade dos seus servizos e acadar o nivel de competitividade que exige o mercado actual.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria de axudas para o ano 2006, a fondo perdido e en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a promocionar e incentivar a modernización e a implantación de comercios situados en zonas rurais de Galicia.

Artigo 2º.-Concepto de comercio rural.

Para os efectos desta orde considéranse comercios rurais os situados en:

a) Municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes, de acordo co establecido no Real decreto 1358/2005, do 18 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2005 (anexo V).

b) Núcleos de poboación que non superen os 1.500 habitantes, situados en municipios de máis de 10.000 habitantes, con ou sen planeamento municipal vixente, sempre que o concello correspondente certifique o seu carácter de núcleo rural.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios os comerciantes retalistas xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, legalmente constituídas e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan ou inicien a súa actividade en establecementos comerciais situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no artigo 2º desta orde.

b) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo II da presente orde. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e se isto non é posible de determinar, atenderase á superficie de venda destinada a cada actividade.

c) Que non superen os dez traballadores.

d) Que os locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público. (Quedan excluídos para o cómputo desta superficie as oficinas, almacéns e salas de refrixeración, talleres e outros locais dedicados á

elaboración ou manipulación de produtos, aulas, aseos, etc.).

e) Os solicitantes non poderán estar incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Custos de reforma e adaptación do establecemento comercial, eliminación de barreiras arquitectónicas, así como as obras de ampliación do local comercial sempre que a superficie resultante non supere os 300 m².

b) Custo de adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial.

c) Deseño e execución de campañas publicitarias ou promocionais dirixidas á captación e fidelización de clientes no territorio.

d) Adquisición de elementos de transporte de uso industrial, debidamente rotulados co nome e enderezo do establecemento comercial, para a distribución dos seus produtos.

2. Non serán subvencionables os seguintes gastos:

a) A adquisición de locais e, en xeral, de bens inmobles.

b) As obras realizadas en almacéns e trastendas que non se destinen a superficies de venda.

c) A maquinaria e equipamentos para a fabricación e elaboración de produtos de consumo final.

d) Os fondos de comercio e dereitos de traspaso.

e) Os bens usados.

f) As compras de mercadorías obxecto de comercialización.

g) As compras de material funxible e de outros elementos amortizables nun ano.

h) Os portes e outros custos de transportes.

i) As taxas por autorizacións administrativas, permisos e licenzas, tributos, o IVE soportado ou outras taxas recuperables polo beneficiario.

j) Os gastos de funcionamento da actividade.

k) Os gastos de reparación ou de mantemento.

l) En xeral, todos aqueles gastos non relacionados directamente coas actividades e investimentos obxecto das axudas e os subvencionados por outras liñas de axuda desta consellería.

3. Non terán carácter subvencionable os investimentos realizados mediante contratos de arrendamento financeiro ou outras modalidades de financiamento.

4. O destino das axudas obxecto da presente convocatoria serán os investimentos que se realicen a partir da data de publicación da presente orde no DOG ata a data de remate da xustificación dos investimentos, de acordo co artigo 10º.4.

Artigo 5º.-Contía e ámbito.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde, serán con cargo á aplicación orzamentaria 10.05.521A.770.3 Incentivación do comercio rural, destinándose 1.500.000 euros para a o seu financiamento.

A contía establecida no punto anterior poderá ser incrementada en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. As axudas consistirán nunha subvención a fondo perdido de ata o 40% do investimento subvencionable aprobado pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

3. Para poder optar á axuda, establécese unha contía mínima de investimento subvencionable de 1.500 euros, IVE excluído. O investimento máximo subvencionable será de 50.000 euros, IVE excluído.

4. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 70% do investimento subvencionable.

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación e Industria ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que subscribiron convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración Autónoma de Galicia.

2. A solicitude de subvención, segundo modelo normalizado do anexo I, acompañarase da documentación que a continuación se relaciona por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada de, polo menos, unha delas:

a) Documentos acreditativos da personalidade ou entidade solicitante (DNI e/ou CIF no caso de sociedades) e, se é o caso, acreditación da representación na que se actúa.

b) Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.

c) Documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude, ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traba-

lladores e último recibo de cotización no réxime da Seguridade Social correspondente.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria, na que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas nos que figura dado de alta o solicitante.

e) No caso de apertura de establecemento e, de non ter no momento da solicitude o determinado no parágrafo anterior, presentárase copia do modelo 036 de comunicación previa de inicio de actividade da Axencia Tributaria.

f) Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio, neste último caso se o solicitante está dado de alta en dous ou máis epígrafes do IAE deberá acreditar que a súa actividade principal é subvencionable segundo datos de facturación ou, no seu defecto, de superficie de venda.

g) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo anexo III da presente orde.

h) Memoria descritiva do investimento, con detalle do orzamento desagregado por partidas ou facturas pro forma e do calendario de execución, acompañada polo proxecto técnico no caso de ser exixido polo concello. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo solicitante.

i) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

j) Fotografías das partes específicas que se van reformar.

k) Documentos que acrediten que o solicitante é propietario do local comercial ou, se é o caso, copia do contrato de aluguer, traspaso, cesión, etc., no que se indique expresamente a posibilidade de que se poidan realizar reformas no local, ou ben autorización expresa do propietario para realizar reformas no local.

l) Se é o caso, certificado municipal da situación do local segundo o disposto no artigo 2º da presente orde.

Ademais disto, e para os efectos sinalados no artigo 7º desta orde, poderase achegar a seguinte documentación:

a) Declaración do compromiso de comercialización de produtos autóctonos e/ou artesanais (anexo IV).

b) Certificado expedido polo órgano competente de pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.

c) Declaración de compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalítica interior e exterior do establecemento comercial (anexo IV).

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de abril de 2006.

Artigo 7º.-Criterios de selección de proxectos.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, comercial e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e a contía das subvencións, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) A localización do comercio retalista en concellos de menos habitantes.

b) A situación do comercio retalista en concellos con menor índice de renda familiar bruta dispoñible, segundo a última publicación do indicador municipal de renda dos fogares elaborado polo IGE.

c) A porcentaxe de financiamento propio.

d) O compromiso de comercialización de produtos autóctonos e/ou artesanais.

e) Por pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.

f) A inclusión da proposta dun compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalítica interior e exterior do establecemento comercial.

Artigo 8º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos no artigo 6º desta orde, o solicitante será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar dos solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen nos artigos 3º e 6º desta orde.

Unha vez que o órgano instrutor emita informe sobre as solicitudes, procederá a súa avaliación atendendo aos criterios de selección sinalados no artigo 7º da presente orde, por unha comisión de valoración, constituída para o efecto, que estará integrada por un xefe de servizo, un xefe de sección e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

5. O conselleiro de Innovación e Industria ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda ou subvención que proceda.

6. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas, e expresarán, polo menos, o obxecto e o importe do proxecto subvencionado, a axuda ou subvención concedida e a contía desta e, se é o caso, o motivo da denegación.

O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os sós efectos da optimización dos créditos dispoñibles. No caso contrario e logo de requirimento por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalízase mediante documento asinado polo beneficiario no que se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde de convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta (anexo VI).

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses contados desde a publicación da presente orde.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de axuda ou subvención.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 10º.-Xustificación e prazo dos investimentos.

1. As subvencións concedidas faranse efectivas unha vez que se presenten por duplicado exemplar, preferentemente en orixinal ou no seu defecto copia compulsada, dos documentos que a continuación se relacionan:

a) Facturas xustificativas de materialización do investimento, indicando nelas concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativos do pagamento dos investimentos realizados.

b) Fotografías das zonas reformadas que mostren as obras realizadas.

c) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa administración pública da comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

d) Xustificante de axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta bancaria donde debe realizarse o pagamento, na que conste código do banco, código da sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

f) No suposto sinalado no artigo 6.2º e), presentarse certificación expedida pola Axencia Tributaria, na que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas nos que figura dado de alta o solicitante.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren necesarios. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale poderá entenderse que renuncia á axuda ou subvención concedida.

3. A falta de presentación da xustificación implicará a anulación da subvención concedida.

4. A documentación acreditativa do investimento obxecto de subvención deberá ser presentada polo beneficiario con data límite o día 31 de outubro de 2006.

Artigo 11º.-Pagamento da axuda ou subvención.

1. O libramento da subvención farase nun único pagamento, unha vez xustificado o investimento, mediante transferencia bancaria.

2. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto e o investimento realizado non sexa inferior á contía mínima establecida no artigo 5º.3. No caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas seguirase o establecido no artigo 5º.4.

Artigo 12º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde de convocatoria esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que coïden procedente.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que vaia efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Todos os investimentos deberán permanecer polo menos cinco anos desde a súa concesión no establecemento comercial declarado polo beneficiario na solicitude.

Artigo 14º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando aquelas que o impiden.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou a non adopción do comportamento para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario co motivo da concesión da axuda ou subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou pri-

vadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vaia desenvolver, se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable establecido no artigo 5º punto 4.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

1. A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, das actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Consellería de Innovación e Industria poderá inspeccionar en calquera momento os investimentos realizados.

Artigo 16º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas na presente orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 17º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto na presente orde.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A MODERNIZACIÓN DO COMERCIO RURAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN218A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	EPIGRAFE IAE
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DC	Nº DE CONTA
--------------	-----------------	----	-------------

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL ONDE SE SITUÁN OS INVESTIMENTOS, LOCALIDADE E PROVINCIA (CAMPO OBRIGATORIO)		
ENDEREZO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	M ² DE SUPERFICIE COMERCIAL
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR E IMPORTE TOTAL DO PROXECTO		

E, na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA)

<input type="checkbox"/>	DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERSONALIDADE OU IDENTIDADE DO SOLICITANTE (DNI E/OU CIF) E, SE É O CASO, ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN NA QUE SE ACTÚA.
<input type="checkbox"/>	COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓNS POSTERIORES EN CASO DE SER UNHA SOCIEDADE.
<input type="checkbox"/>	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO NÚMERO DE TRABALLADORES DA EMPRESA.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA AXENCIA TRIBUTARIA NA QUE SE INDIQUEN AS EPIGRAFES DO IAE NOS QUE FIGURA DE ALTA O/A SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	COPIA DA DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS OU DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO EXERCICIO, NESTE ÚLTIMO CASO SE O SOLICITANTE ESTÁ DADO DE ALTA EN DÚAS OU MÁIS EPIGRAFES DO IAE DEBERÁ ACREDITAR QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL É SUBVENCIONABLE SEGUNDO OS DATOS DE FACTURACIÓN OU, NO SEU DEFECTO, DE SUPERFICIE DE VENDA.
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN DE AXUDAS, SEGUNDO ANEXO III.
<input type="checkbox"/>	MEMORIA DESCRITIVA DO INVESTIMENTO, CON DETALLE DO ORZAMENTO DESAGREGADO POR PARTIDAS OU FACTURAS PROFORMA E DO CALENDARIO DE EXECUCIÓN, ACOMPAÑADA, SE É O CASO, POLO PROXECTO TÉCNICO.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA POR NINGÚN CONCEPTO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA.
<input type="checkbox"/>	FOTOGRAFÍAS ACTUAIS DO LOCAL COMERCIAL INDICANDO ESPECIFICAMENTE AS PARTES QUE SE VAN REFORMAR.
<input type="checkbox"/>	DOCUMENTOS QUE ACREDITEN QUE O/A SOLICITANTE É PROPIETARIO DO LOCAL COMERCIAL, OU, SE É O CASO, COPIA DO CONTRATO DE ALUGUER, TRASPASO, CESIÓN, ETC. NO QUE SE INDIQUE EXPRESAMENTE A POSIBILIDADE DE QUE SE REALICEN REFORMAS NO LOCAL.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO MUNICIPAL DA SITUACIÓN DO LOCAL SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 2º DESTA ORDE.
<input type="checkbox"/>	NO CASO DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO E, DE SER O CASO, MODELO 036.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 13 de marzo de 2006, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

Relación de epígrafes do IAE subvencionables

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixe e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se atope comprendida entre 120 y 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xomais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucheira e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un surtido relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, con unha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

ANEXO III

DECLARACIÓN DE SUBVENCIÓNS OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS

D./Dña. _____ con DNI nº _____ en calidade de _____
 comparece en representación de _____ con CIF _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométo-me a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda correspondente/s á presente solicitude.

Igualmente declara que o/a solicitante non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____ de _____ de _____

Asdo.: _____

ANEXO IV

DECLARACIÓN - COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 7º DA ORDE

D/Dª _____ con DNI nº _____
 en calidade de _____ comparece en representación de _____
 con CIF _____

DECLARO (sinalar cun X o que proceda):

O compromiso de comercializar produtos autóctonos e/ou artesanais.

O compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalítica interior e exterior do establecemento comercial.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____, ____ de _____ de 200__

Asinado: _____

ANEXO V

Relación de concellos con poboación inferior a
10.000 habitantes

A Coruña

Concello	Poboación a 1-1-2005
Dodro	3.122
Dumbría	4.067
Fisterra	5.042
Frades	2.871
Irixoa	1.579
Laxe	3.539
Lousame	3.854
Malpica de Bergantiños	6.786
Mañón	1.803
Mazaricos	5.488
Melide	7.866
Mesía	3.174
Miño	5.127
Moeche	1.469
Monfero	2.444
Mugardos	5.628
Muros	9.995
Muxía	5.823
Neda	5.771
Negreira	6.519
Oroso	6.345
Ortigueira	7.697
Outes	7.889
Oza dos Ríos	3.163
Paderne	2.715
Padrón	9.035
Pino, O	4.901
Pobra do Caramiñal, A	9.951
Ponteceso	6.698
Pontedeume	8.663
Porto do Son	9.990
Rois	5.149
San Sadurniño	3.179
Santiso	2.160
Sobrado	2.316
Somozas, As	1.411
Toques	1.512

Concello	Poboación a 1-1-2005
Tordoia	4.617
Touro	4.532
Trazo	3.617
Val do Dubra	4.605
Valdoviño	6.888
Vedra	5.054
Vilarmaior	1.343
Vilasantar	1.538
Vimianzo	8.466
Zas	5.780

Lugo

Concello	Poboación a 1-1-2005
Abadín	3.201
Alfoz	2.266
Antas de Ulla	2.602
Baleira	1.729
Baralla	3.134
Barreiros	3.294
Becerreá	3.389
Begonte	3.616
Bóveda	1.824
Burela	8.621
Carballedo	3.010
Castro de Rei	5.779
Castroverde	3.236
Cervantes	1.973
Cervo	4.949
Corgo, O	4.236
Cospeito	5.500
Chantada	9.366
Folgoso do Courel	1.346
Fonsagrada, A	4.949
Foz	9.664
Friol	4.533
Guitiriz	6.041
Guntín	3.307
Incio, O	2.297
Láncara	3.091
Lourenzá	2.677
Meira	1.780

Concello	Poboación a 1-1-2005
Mondoñedo	4.863
Monterroso	4.209
Muras	941
Navia de Suarna	1.680
Negueira de Muñiz	230
Nogais, As	1.477
Ourol	1.324
Outeiro de Rei	4.645
Palas de Rei	3.824
Pantón	3.178
Paradela	2.367
Páramo, O	1.858
Pastoriza, A	3.787
Pedrafita do Cebreiro	1.456
Pobra do Brollón, A	2.369
Pol	1.980
Pontenova, A	3.063
Portomarín	1.918
Quiroga	4.144
Rábade	1.668
Ribadeo	9.407
Ribas de Sil	1.310
Ribeira de Piquín	785
Riotorto	1.669
Samos	1.897
Saviñao, O	4.826
Sober	2.972
Taboada	3.768
Trabada	1.504
Triacastela	820
Valadouro, O	2.268
Vicedo, O	2.146
Xermade	2.414
Xove	3.636

Ourense

Concello	Poboación a 1-1-2005
Allariz	5.351
Amoeiro	2.356
Arnoia, A	1.220
Avión	2.780
Baltar	1.177
Bande	2.285
Baños de Molgas	2.014
Barbadás	7.939
Bede	559
Beariz	1.397
Blancos, Os	1.104
Boborás	3.200
Bola, A	1.525
Bolo, O	1.246
Calvos de Randín	1.195
Carballeda de Avia	1.591
Carballeda de Valdeorras	2.041
Cartelle	3.552
Castro de Miño	2.036
Castro do Val	1.247
Castro Caldelas	1.769
Celanova	6.150
Cenlle	1.560
Coles	3.263
Cortegada	1.401
Cualedro	2.234
Chandrea de Queixa	807
Entrimo	1.377
Esgos	1.312

Concello	Poboación a 1-1-2005
Gomesende	1.101
Gudiña, A	1.623
Irixo, O	2.014
Larouco	569
Laza	1.762
Leiro	1.931
Lobeira	1.160
Lobios	2.420
Maceda	3.218
Manzaneda	1.113
Maside	3.077
Melón	1.582
Merca, A	2.312
Mezquita, A	1.387
Montederramo	1.137
Monterrei	3.128
Muíños	2.003
Nogueira de Ramuín	2.551
Oímbra	1.963
Pademe de Allariz	1.619
Padrenda	2.474
Parada de Sil	761
Pereiro de Aguiar, O	5.487
Peroxa, A	2.438
Petín	1.088
Piñor	1.476
Pobra de Trives, A	2.686
Pontedeva	626
Porqueira	1.102
Punxín	942
Quintela de Leirado	814
Rairiz de Veiga	1.780
Ramirás	2.054
Ribadavia	5.494
Riós	2.088
Rúa, A	4.996
Rubiá	1.663
San Amaro	1.355
San Cibrao das Viñas	3.973
San Cristovo de Cea	2.926
San Xoán de Río	867
Sandiás	1.554
Sarreaus	1.800
Taboadela	1.690
Teixeira, A	536
Toén	2.594
Trasmiras	1.778
Veiga, A	1.273
Verea	1.355
Viana do Bolo	3.575
Vilamarín	2.321
Vilamartín de Valdeorras	2.408
Vilar de Barrio	1.835
Vilar de Santos	1.011
Vilardevós	2.569
Vilariño de Conso	731
Xinzo de Limia	9.930
Xunqueira de Ambía	1.901
Xunqueira de Espadanedo	1.017

Pontevedra

Concello	Poboación a 1-1-2005
Agolada	3.414
Arbo	3.973
Barro	3.408
Caldas de Reis	9.673

Concello	Poboación a 1-1-2005
Campo Lameiro	2.166
Cañiza, A	6.747
Catoira	3.502
Cerdedo	2.333
Cotobade	4.658
Covelo	3.652
Crecente	2.748
Cuntis	5.340
Dozón	1.980
Forcarei	4.576
Fornelos de Montes	2.057
Illa de Arousa, A	4.884
Lama, A	3.026
Meaño	5.478
Meis	5.011
Mondariz	5.343
Mondariz-Balneario	719

Concello	Poboación a 1-1-2005
Moraña	4.313
Neves, As	4.377
Oia	3.038
Pazos de Borbén	3.160
Ponte Caldelas	6.515
Pontecesures	3.101
Portas	3.171
Ribadumia	4.317
Rodeiro	3.385
Rosal, O	6.183
Salceda de Caselas	7.176
Salvaterra de Miño	8.375
Silleda	9.097
Soutomaior	5.956
Valga	6.108
Vila de Cruces	6.720
Vilaboa	5.947

ANEXO VI

ACEPTACIÓN DA AXUDA

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A

NOME		NIF / CIF
Nº EXPEDIENTE	ENDEREZO	
LOCALIDADE		PROVINCIA

DATOS DO PROXECTO

ENDEREZO DO ESTABLECIMENTO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	
IMPORTE SUBVENCIÓN	

EXPOÑO:

Que ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2006, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº _____), presentei solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto arriba indicado.

Que recibín notificación da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Innovación e Industria, pola que se xuntaba resolución ditada polo conselleiro de concesión de subvención ao abeiro da devandita orde.

Por todo isto,

ACEPTO a concesión desta axuda, comprometéndome a cumprir todas as condicións establecidas na orde de convocatoria e na resolución de concesión desta.

En _____, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____ (escribir nome e asinar)